

De primeiras, quero expresarlle á Federación Galega de Municipios e Provincias e ao seu presidente D. Carlos Fernández, a miña gratitude e a da Asociación de funcionarios pola normalización lingüística de Galicia, por súa plena dispoñibilidade para alentar e organizar este acto para todos nós tan significativo.

A FEGAMP convoca esta xuntanza baixo o lema “O galego é a lingua propia dos concellos e das deputacións de Galicia” para conmemorar os 25 anos da declaración que 187 alcaldes asinaron neste Hostal dos Reis Católicos no mes de maio de 1984, e cando tamén cadra que hai pouco máis de 20 anos –en xuño de 1988- que o Parlamento de Galicia aprobou a Lei de uso do galego nas corporacións locais.

Desde logo é unha boa atalaia para botar unha ollada ao camiño que as entidades locais locais andaron da man do galego des que se implantaron as primeiras corporacións democráticas e se puxo en marcha a autonomía política de Galicia, nos tempos do que coñecemos como transición democrática. Parece tamén unha ocasión acaída para matinar sobre o papel dos concellos e as deputacións de cara á consecución da plena normalización lingüística da nosa lingua no futuro.

A ollada retrospectiva revela, sen lugar a dúbidas, que os concellos e as deputacións xogaron nestas tres pasadas décadas un papel de vangarda na incorporación e implantación do galego como lingua xurídica e administrativa nun proceso no que precisamente constitúe un fito senlleiro a Declaración de Compostela de 1984, nunha convocatoria singular á que lle deu acubillo o daquela alcalde magnífico que tivo esta cidade e que foi D. Xerardo Estévez Fernández, que hoxe está aquí entre nós, e que por iso como por tantas outras cousas merece ser citado e recordado.

Aquela declaración produciuse cando aínda non transcorrera sequera un ano des que o Parlamento de Galicia aprobara, en xuño de 1983, a Lei de normalización lingüística, pola que se declaraba o galego como lingua oficial e propia de Galicia e, xa que logo, das corporacións locais, e se consagraba a plena validez xurídica do seu uso. Neste sentido, podemos dicir que a Declaración do Hostal constitúe o primeiro acto público e colectivo das autoridades democráticas galegas –fóra do ámbito parlamentario- de apoio e de compromiso co proceso de normalización.

Outos fitos dese devalar, que agora se recordan na declaración aprobada pola Fegamp co gallo deste acto, foron:

- A aprobación do Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais de novembro de 1986, que recoñece explícitamente a lexitimidade do uso das linguas oficiais diferentes do

castelán para redactar os documentos oficiais das corporacións e, en concreto, das actas dos seus órganos colexiados, nos artigos 86.1 e 110 que tiñeron que ser obxecto de rectificación no BOE.

- A creación da Sección de Linguaxe Administrativa no Instituto da Lingua Galega en 1985, a través dun convenio entre a Universidade de Santiago e uns 40 concellos, que permitiu crear o forno do que saíron documentos básicos como os cadernos de documentación municipal, os primeiros vocabularios xurídicos e técnicos, os albores da terminoloxía administrativa (verbas que hoxe son de uso xeral como “concello”, “concelleiros”, “beirarrúas”, “beiravías”, “sumidoiros” e outras moitas viñeron dalí), así como a tradución dos textos xurídicos básicos de lexislación local.

- A elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais de uso do galego, que contribuíron decisivamente á incorporalo como lingua de traballo dos funcionarios e a consagrar a esixencia do seu coñecemento como requisito de acceso ao emprego público, circunstancia esta última que, por certo, tivo un efecto multiplicador de cara a divulgar e prestixiar a lingua entre os novos funcionarios e traballadores das administracións e que callou nunha realidade social que ao cabo venceu as resistencias da doutrina xurisprudencial máis conservadora do Tribunal Supremo.

- A Lei de uso do galego nas corporacións locais que aprobou o Parlamento de Galicia en 1988, promovida polo movemento municipalista galego e polas asociacións de funcionarios como a nosa, foi un paso adiante moi relevante xa que dispuxo que os documentos esenciais das corporacións se debían redactar en lingua galega a partir da entrada en vixencia da Lei e, en calquera caso, nun prazo máximo de adaptación de dous anos que alí se prevía.

Finalmente, a Lei de administración local de Galicia 5/1997, do 22 de xullo, convalidou a través do seu artigo 7º o contido das normas anteriores e agrandou a extensión do uso do galego a outros eidos moi importantes da vida local como o das escrituras públicas, das inscricións rexistras e dos procesos xudiciais nos interveñan as corporacións locais, obxectivos estes últimos que aínda hoxe en boa medida están pendentos de acadar e aos que logo me referirei.

O resultado de todo ese proceso foi a incorporación dun número crecente de autoridades e funcionarios locais ao uso oral e escrito do galego que contribuiu a devolverlle a condición de lingua de prestixio por medio da súa presenza nos actos oficiais e nos procedementos e documentos xurídicos e administrativos, como nunca antes se dera na historia do país.

Merecen aquí unha especial mención pola súa vocación galeguizadora

o Concello de Redondela, o seu alcalde D. Jaime Rey –que afortunadamente está por aquí entre nós- e o funcionario D. Xosé González Martínez, que xogaron un papel tan singular en todas estas cuestións e traballos.

Estimados amigos, a ninguén se vos oculta que un dos sinais ou marca que definen a autonomía política de Galicia é o carácter oficial da súa lingua, e o recoñecemento do seu valor cultural como idioma propio e da súa condición de seña de identidade do pobo galego, o que conlevan que o Estado no seu conxunto asuma a obrigaón legal de promocionar o uso do galego.

Este é un principio básico do proceso de normalización lingüística e concrétase no tocante ás administracións públicas nunha forma de actuar que ten unha dobre fasquía: por unha banda, non deben discriminar aos cidadáns por mor da lingua oficial que estes usen pero, por outro lado, deben potenciar o uso da lingua galega e aplicar políticas activas dirixidas a acadar ese obxectivo. Sobre esas ideas aséntase o réxime xurídico do plurilingüismo vixente no noso país – desde os estatutos de autonomía, as leis de normalización lingüística, ata a normativa reguladora da función pública.

E agora tamén a Unión Europea converteu o plurilingüismo nunha das súas opcións políticas definidoras: como di nun dos seus documentos oficiais

“A UE está convencida de que o uso das linguas dos seus cidadáns é un dos factores da súa transparencia, lexitimidade e eficacia... A Unión Europea é consciente da importancia da política lingüística e nomeou a un dos seus máis eminentes representantes para que defenda esta causa ao máis alto nivel... A Unión Europea baséase no principio de ‘unidade na diversidade’: diversidade de culturas, de costumes, de crenzas e de linguas... O respecto á diversidade lingüística xunto co respecto á persoa humana, a apertura a outras culturas, a tolerancia e a aceptación dos demais, é un dos valores básicos da Unión...”.

Noutras palabras, a intervención das administracións e autoridades no eido das linguas é un tipo de políticas públicas que no seo da Unión Europea é perfectamente lexítimo e rigorosamente necesario porque non hai un “mercado” que garanta a regulación da diversidade e, en concreto, da diversidade lingüística.

A partir daí pódese dicir que dispomos dun réxime xurídico que, no esencial, garante adecuadamente o uso do galego pero tamén defendemos propostas dirixidas a pór de relevo a lingua como elemento vertebrador e estruturante do país e as consecuencias que se derivan loxicamente da declaración de oficialidade, como o deber

de coñecer o galego, a presenza da nosa lingua nas institucións da Unión Europea e a súa difusión exterior, a regulación clara e completa dos dereitos lingüísticos perante as Administracións públicas e as institucións estatais, incluídos os órganos constitucionais do Estado, a atención singular ás relacións dos cidadáns coa Administración de Xustiza, o notariado e os rexistros públicos e que estes poidan funcionar en galego sen atrancos nin demora, normas que recolla os dereitos lingüísticos das persoas na súa condición de consumidores e usuarios de produtos e servizos, especialmente daqueles que teñan carácter de esenciais para a vida cotidián.

A Lei de normalización lingüística, ao par que as súas homónimas das outras comunidades autónomas con linguas propias, recoñeceu que para garantir a implantación efectiva do galego como idioma oficial do país era necesario programar e executar un proceso de normalización no que, xunto coa prohibición de calquera discriminación aos cidadáns por razón da lingua oficial que usen, impera o principio de que os poderes públicos -especialmente a Xunta de Galicia e as corporacións locais- están obrigados a promoveren o uso do galego como lingua historicamente desfavorecida, para incorporala de contado e canto primeiro aos ámbitos sociais dos que se viu arredada ao longo do tempo (usos administrativos e xurídicos, usos relixiosos, ensino, demais servizos públicos, relacións económicas e medios de comunicación social).

En setembro do 2004, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade o Plan xeral de normalización da lingua galega (PNLG) – no que participamos activamente moitos dos membros da nosa Asociación- que porfía naqueles obxectivos, analiza os seus presupostos e condicionantes, e propón medidas concretas para a súa consecución.

En concreto, o PNLG propón como obxectivos xerais para o sector das administracións públicas locais:

- Consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos cidadáns.

- Incluir a promoción do galego no concepto de servizo que o concello lles ofrece aos cidadáns tanto directamente como a través das empresas concesionarias dos servizos públicos.

- Poñer os medios para que todo traballador ao servizo directo ou indirecto da administración local teña unha actitude favorable ao emprego da lingua galega, con coñecemento oral e escrito suficiente para atender nela ao cidadán que o desexe e practique a oferta positiva.

E como obxectivos específicos:

- Mellorar a calidade do idioma falado e escrito polos funcionarios e as autoridades.
- Reforzar nas autoridades e funcionarios a conciencia do seu protagonismo no proceso de normalización.
- Actualizar os recursos técnicos e incorporar as novas tecnoloxías informáticas para facilitar o traballo da administración.

O PNLG foi aprobado por unanimidade –ao igual que a LNL de 1983– non por casualidade senón porque ao longo do proceso de implantación da autonomía política de Galicia, as entidades públicas e privadas e os axentes sociais defensores do uso do galego, así como a clase política do país foron conscientes da importancia dos temas lingüísticos e do seu carácter extraordinariamente sensible: a idea é que á hora de adoptar medidas sobre regulación ou planificación do uso das linguas cómpre que primeiro dispoñamos dunha información adecuada e, de segundo, que procuremos actuar con consenso. Velaí o pacto non escrito do que xurdiron a LNL de 1983 e o PNLG do 2004.

Os resultados desa metodoloxía para a sorte da lingua galega pódense xulgar como máis ou menos afortunados segundo a libre perspectiva de cadaquén pero ninguén negará que, como subliña o PNLG, o uso das linguas oficiais en Galicia e nomeadamente o do galego non orixinou ningún conflito significativo –á parte as incidencias e anécdotas que naturalmente a todos nos veñen ás mentes. Tampouco xurdira ata o de agora oposición social ningunha á progresiva implantación do proceso de normalización.

Os redactores do PNLG e o Parlamento de Galicia que o aprobou foron conscientes diso e recomendaron porfiar nese método cando sinalan como elementos básicos da súa “estratexia” para o clima das relacións lingüísticas en Galicia os da modernidade e da cortesía, que concretan en tres fórmulas:

- oferta positiva do galego (as autoridades, funcionarios e traballadores públicos procuremos iniciar en galego as relacións nas que interveñamos).
- oferta informativa do galego (informemos, en caso de dúbida, sobre a plena validez e eficacia xurídica da relación en galego). E
- uso da cortesía (usemos o galego como un exercicio de respecto e cortesía, e fuxamos das imposicións).

Noutras palabras, o método que presidiu a política lingüística deste país é que se temos que facer algo, primeiro ímolo estudar a modo coa xente experta na materia; en segundo lugar, ímolo debater de vagar nos foros apropiados co ánimo de acordar e consensuar; e, finalmente, que decida o órgano político ao que por representación democrática lle corresponda, preferiblemente o Parlamento de Galicia.

Pero todo iso, ao noso ver, cómpre facelo á marxe de crispacións, argumentos demagóxicos ou afirmacións simplistas que alimentan conflitos artificiosos, son potencialmente prexudiciais e poden levar á sociedade galega a desandar o que, traballosa e proveitosamente, adiantou desde o establecemento da autonomía política. Noutras palabras, as actuacións nesta materia requiren actitudes positivas, cortesía persoal, tolerancia e capacidade de comprensión nos interlocutores.

Creo que as institucións públicas e as asociacións cívicas que temos a promoción da lingua e da cultura galegas como obxectivos sociais estamos obrigados nestes momentos a xogar un importante papel: o de evitar que se imponha a dinámica de crispación e de conflito ao tratarmos os temas lingüísticos.

Cómpre apouvir porque se os sensibles equilibrios que se foron tecendo comezan a desafiarse, por exemplo, polo terreo do sistema educativo, a seguir cuestionaranse co mesmo método outros obxectivos nos eidos administrativos, xurídicos, económicos, dos servizos públicos ou relixiosos. E os avances máis ou menos modestos que nesas áreas se van construindo acabarán vindo abaixo e con eles a arquitectura que sostén o uso da lingua galega nestes principios do século XXI.

Velaí deben estar as alcaldesas e os alcaldes, e os concelleiros e as concelleiras de tódolos grupos políticos -porque o galego non pode ser patrimonio de ningún-, os funcionarios e traballadores locais, todos eles revalidando nesta singular coxuntura o protagonismo social e democrático que xogaron ao longo das últimas décadas neste como noutros tantos eidos. Como é evidente as autoridades autonómicas teñen unha especial responsabilidade e deben alentar o espírito de diálogo e alonxar a crispación do debate sobre o uso do galego...

Nós –coido que recollo o sentir de moita xente que andamos no labor da lingua e da cultura galegas- estamos polo diálogo e a negociación e agardamos que o goberno galego escoite as voces como a nosa antes de tomar decisións que poidan significar unha volta atrás na historia do noso país.

Para pechar a miña intervención quero centrar a atención sobre aspectos relevantes da declaración:

1º) Se tramiten en galego os procesos xurisdicionais nos que sexan parte as corporacións e, especificamente, que os avogados e procuradores que representan e defenden as administracións públicas se expresen habitualmente nesa lingua.

2º) Se redacten en galego as escrituras públicas e as inscricións nos rexistros públicos promovidas polas corporacións locais, para o que se cursarán as instrucións oportunas aos seus asesores xurídicos.

3º) Se incorpore o galego como lingua habitual de traballo das forzas da policía local, tanto a nivel interno como nas súas relacións cos cidadáns e coas demais administracións públicas, especialmente cos órganos xurisdicionais.

Quero recordar, para concluír, que hai pouco tempo creamos a Irmandade Xurídica Galega na que se xuntan unha mancha de maxistrados, fiscais e avogados que podemos contribuír, xunto coas institucións locais de Galicia aquí representadas, a crearmos o ambiente que facilite a consecución deses obxectivos. Para iso poñémonos, como sempre, ao dispor da Fegamp e das corporacións galegas.